

No pleno celebrado onte,

Populares de Caldas de Reis consegue o compromiso do Goberno local para aprobar axudas e rebaixar impostos aos autónomos e pemes locais

- Fernando Pérez sinala que “é urxente que todas as administracións adopten medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica”.
- Di que estarán vixiantes de que o Goberno local aplique os acordos propostos polos populares e aprobados no pleno, “que supón un aforro de impostos importante”.
- Ademais, acordaron solicitar á Deputación que aprobe un plan de axudas de 10 millóns de euros para autónomos e pemes da provincia.

24, novembro, 20.- O Partido Popular de Caldas conseguiu no pleno de onte que o Goberno local se comprometa a aprobar axudas e rebaixar impostos municipais aos autónomos e pemes locais. Foi grazas a unha moción que presentaron os populares, e que recibiu o voto favorable dos socialistas.

Entre os diferentes acordos, os concelleiros do PP incluíron que o Concello de Caldas reserve unha partida específica nos orzamentos municipais para crear un plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no municipio e que sexan compatibles con aquelas axudas que aproben outras administracións. Ademais, aprobaron tamén modificar as ordenanzas fiscais e reguladoras dos impostos sobre bens inmobles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándose ao mínimo legal, así como as taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais, ou pola utilización e aproveitamento especial de dominio público municipal, establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal en Caldas que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo.

A moción do PP tamén engadía devolver as taxas municipais das terrazas desde o 13 de marzo, así como as contías do imposto sobre construción, instalación e obra (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licencia en 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia. Flexibilizar temporalmente o uso e ocupación da vía pública permitindo a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno, como calefactores, cubertas, etc., ou axilizar o pago das facturas pendentes e reducir os tempos medios de pago a provedores, tamén se incluían na moción dos populares aprobada onte.

O voceiro local, Fernando Pérez, sinala que “é urxente que todas as administracións adopten medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica, e desde o Concello de Caldas non podían permanecer máis tempo alleos a esta situación”. Por iso, di que estarán “vixiantes” de que o Goberno local aplique cada un dos acordos aprobados no pleno a petición do PP, “porque supoñen un aforro de impostos e axudas importantes para os veciños de Caldas”.

Ademais, tamén se aprobou dentro desta moción do PP reclamar á Deputación de Pontevedra un plan de axudas a autónomos e pemes da provincia por valor de 10 millóns de euros, destinados aos concellos de menos de 50 mil habitantes, de modo que deixe de ser a única deputación galega e unha das poucas do país que a día de hoxe non repartiu nin un só euro de axudas.